



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

O SON ” 🎵 ” DOSEU EGO

As súas Notas:

O pasado 20 de Outubro, cando a C.I.G. estaba consultando a opinión dos traballadores/as sobre a implantación da Quenda Variable, ó mediodía, esténdese pola fábrica, coma un regueiro de pólvora, a marcha de Ianni. Os máis escépticos dubidan desta noticia... *"iso lévase escoltando dende que chegou ó Centro... -din-*", pero os medios de comunicación, confirman a noticia poucos minutos máis tarde, os sorrisos volven a moitos rostros do Centro, incluso, nalgúns daqueles máis fieis servidores que comeron da súa man.


Ó día seguinte na prensa recóllense os comentarios da Representación Sindical e case todos coincidimos en sinalar a este Director como o máis negativo que tivemos os traballadores/as neste período, ó sufrir os maiores recortes sociais da nosa historia.

Pero, para a C.I.G., e sen deixar de lado actuacións e declaracións levadas a cabo fronte á Sociedade, a cal pouco a pouco foi decatándose da súa dobre moralidade. No que atinxe ó noso Centro, non sería xusto imputarlle a el todo o "mérito desta obra".

Ianni foi presentado no mes de Marzo do 2007 como Director desta Planta, só, traendo coma equipaxe unha batuta e unhas partituras (sistema Lean). Despois de depurar a moitos músicos logrou montar a súa orquestra, a que durante este período interpretou entre outras "pezas":

- *Baixarlle os salarios ós/ás Eventuais*
- *Modificar criterios fundamentais de promoción profesional quedando subordinados ás "ideas"*
- *Lapidar o Art. 14 do Convenio que regulaba os cambios de Taller dos traballadores/as*
- *Suprimir unha conquista como foi o transporte colectivo subvencionado pola Empresa*
- *Paralizar a evolución dos contratos (Novacións).*
- *Degradar ó persoal con Oficio, menosprezando a súa formación*
- *Recortar os tempos e incrementar os ritmos de traballo por sistema.*
- *Obrigado ó persoal con Limitacións a facer o 100% do posto ou acollerse a unha ERE.*
- *Déronse os maiores paros e avarías da Historia da Fábrica con cargo ás nosas costas.*
- *En materia de saúde laboral, ocorreron os accidentes máis graves durante o seu mandato (Prensas, Montaxe, Loxística...).*
- *Substituíu o diálogo e a negociación polo ordeno e mando.*
- *Desprezo á liberdade de opinión, impondo o pensamento único.*
- *A maior discriminación salarial entre traballadores/as da mesma fábrica.*
- *Con verter en papel mollado tódolos protocolos sociais asinados.*
- *A deslocalización e perda de emprego nas Auxiliares do noso entorno. Etc., etc.*

Para a C.I.G. a súa marcha anticipada non foi casual. A pretensión de implantar a Quenda Variable sen oposición, ou cando menos que na Planta non se movera unha "folla" foi, no noso entender, a gota que bordou o vaso do deterioro nas Relacións Laborais. Por elo, ese nerviosismo dos Axentes de Sector en querer impedir o escrutinio, incluso para que na quenda da tarde non se levara a cabo, remiten unha carta de "advertencia ameazante" por facer uso das UEP's.



O seu ego:

As súas declaracións ante a Sociedade non fixeron máis que poñer negro sobre branco do que significou o seu pase por este Centro.

Vostede afirma que os Representantes Sindicais que discrepamos estamos no Século XIX.

Certo é, aí nesa época é onde vostede colocou as condicións laborais básicas das persoas das que hipocritamente dicía que "no hay malos trabajadores.. hay malos jefes..". Namentres baixan salarios e precarizan os contratos laborais dos operarios/as, directivos coma vostede levan mensuralidades de 5 cifras e gozan de contratos blindados. Iso si que é estar no Século XXI.

"*Soy cellista*", di, no cuelea. Vostede non pode sentir as cores deste equipo, se ó mesmo tempo non soubo respectar e conservar parte da cultura patrimonial deste País. Todos fomos testemuñas cando ós pés da súa ventá, unha peza etnográfica doada por un traballador, como era o carro do país, deixou que caera coma se dunha vitoria persoal se tratara. Agora entenderá tamén, por que esta Sección Sindical non lle recolleu os carnés para compartir na mesma grada, gratuitamente, os partidos do equipo do que di ser do seus *amores*.

Sr. Ianní, vostede non fixo máis que tensionar a vida dos traballadores/as, persoas que recolleron a testemuña doutras xeracións, que partindo dun galpón levantaron esta Planta e ó mesmo tempo foron mellorando as súas condicións de vida no traballo. A C.I.G. xa advertira hai tempo de que vostede nos miraba como aqueles galos na obra de Asterix. A súa pretensión era impoñer o seu "adoutramento" pasando por riba dos nosos dereitos, costumes e cultura. Déixanos fartos de tanto engano, ó escoitar tantas veces que somos os mellores do Grupo e na práctica ver como se nos impón un futuro máis precario.

Cando se vaia... que lle acompañen os seus músicos de confianza e, se ben na despedida non faltarán os aplausos dos seus incondicionais, podémoslle asegurar que nesa equipaxe non levará nin un gramo da nosa "minoritaria" dignidade.

"Que le vaya bonito"...

Vigo, 10 de Novembro de 2011

Confederación Intersindical Galega

Avda. Citroén, 3, 5, C.P. 36210 Teléfono/Fax: 986.215.833 Web: cigcitroen.com; Email: automcion@cigcitroen.com

Lembrar: hoxe xoves concentracións pola precariedade, informaremos da situación xurídica da Quenda Variable